

SIMULACRO DE EMERXENCIA POR INCENDIO FORESTAL CON ACTIVACIÓN DA SITUACIÓN OPERATIVA 2 DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN CIVIL ANTE EMERXENCIAS POR INCENDIOS FORESTAIS NA COMUNIDAD AUTÓNOMA DE GALICIA (PEIFOGA)

Localizacións do simulacro:

Concello de Castroverde: Parroquias de Riomol, Masaoucos, A Frairía, Vilalle, Vilabade, Montecubeiro, Bolaño

Concello de Baleira: Parroquias de A Esperela e Librán

Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Lugo

0.- REFERENCIAS DOCUMENTAIS UTILIZADAS

- PEIFOGA
- PLADIGA 2026
- Procedimiento operativo para técnicos de garda do sistema integrado de Protección Civil e Emerxencias de Galicia: Lumes Forestais

1.- ANTECEDENTES

Dentro das accións de implantación e mantemento dos plans PEIFOGA e PLADIGA e coa finalidade de garantir a correcta coordinación entre os medios intervenientes en caso de incendio forestal con posible afectación a bens de natureza non forestal e persoas alleas ao dispositivo de extinción, exponse a realización dun simulacro de activación do plan PEIFOGA en situación 2, debido ás posibles afectacións dos núcleos de poboación de Peredo (parroquia de A Frairía) no concello de Castroverde .

2.- OBXECTIVOS

O obxectivo fundamental do simulacro é avaliar a resposta coordinada dos diferentes corpos e servizos para atender unha situación de emerxencia por incendio forestal aplicando os plans de emerxencia correspondentes. Os obxectivos específicos son:

- Avaliar a operatividade do PEIFOGA
- Coordinación entre o PLADIGA e o PEIFOGA.
- Adestramento do sistema de comunicacións baseado na rede TETRA.
- Información á poboación sobre a conduta para seguir en caso de emerxencia por incendio forestal.
- Comprobación dos procedementos de activación dos plans de actuación municipal (neste caso non teñen).
- Adestramento e concienciación do persoal pertencente aos diferentes grupos operativos e centros de coordinación, mando e control, nas tarefas asignadas

3.- ALCANCE

- Activación do PEIFOGA en situación operativa 2.
- Constitución dos centros de mando e control: CECOP, CIN, SACOP e PMA. Procederase a alertar e mobilizar ao persoal que integra os distintos centros de dirección e control, confirmando medios de localización e desprazamento.
- Activación e funcionamento do Centro de Recepción de Medios (CRM)
- Mobilización dos diferentes grupos operativos, confirmando medios de localización e desprazamento ao CRM e zona asignada de intervención, con toma de tempos.
- Coordinación entre os diferentes servizos de loita contra o lume (SPEIS, SPIF).
- Activación do Grupo de Apoio Loxístico e Intervención (GALI), con traslado do PMA móbil e os medios loxísticos adicionais que se consideren necesarios, confirmando medios de localización e desprazamento.
- Despregue de comunicacións, baseado na rede RESGAL.
- Determinación e control do perímetro de seguridade nas zonas afectadas.
- Control del tráfico.
- Posta en práctica de accións de protección á poboación consistentes en evacuación, afastamento ou confinamento segundo a evolución simulada do incendio.
- Designación de observadores para a supervisión de procedementos e toma de tempos.
- Realización de análise crítica ao finalizar os exercicios.
- Execución de técnicas de protección de vivendas e instalacións.

4.- DATOS XERAIS

Data: 27 de maio de 2026

Hora estimada de inicio: 10:00 horas

Hora estimada de activación do PEIFOGA en situación 2: 11:00 horas

Hora estimada de finalización: 13:30 horas

Lugar de inicio: Lugar de Peredo , Parroquia de Frairía, Concello de Castroverde.

Condiciones precedentes: PLADIGA activado por incendio forestal e PEIFOGA inicialmente en situación 0.

Interfase entre PLADIGA e PEIFOGA: Recíbese información no CIAE112 de proposta do CCC de activación do PEIFOGA en situación 2 por IGP1 por incendio con risco para bens non forestais.

5.- LOCALIZACIÓN DO SIMULACRO

| | |
|----------------------------|--|
| INICIO | Lugar de Peredo, Parroquia de Frairía, Concello de Castroverde. |
| UBICACIÓN | Parroquias de Riomol, Masoucos, A Frairía, Vilalle, Vilabade, Montecubeiro, Bolaño (concello Castroverde) e parroquias de A Esperela, Librán (Concello de Baleira) |
| COORDINACIÓN | Persoal de Medio Rural |
| COORDENADAS GEOGRÁFICAS | 42° 59' 13.9" N 7° 16' 16.7" O |
| COORDENADAS UTM 29N/ETRS89 | X= 640.933 Y= 4.760.844 |
| ENLACE A GOOGLE MAPS | https://maps.app.goo.gl/YMPHeZoyCQoG3vS79 |

6.- ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN

6.1.- Grupos operativos

Tal e como establece o PEIFOGA, en situación 2:

| GRUPO | XEFE DE GRUPO | MEDIOS |
|--|---------------------------------|--|
| Intervención | DTE | <ul style="list-style-type: none"> - 8 técnicos - 14 axentes ambientais - 15 brigadas - 4 motobombas - 2 Batracio - 5 Helitransportadas - 2 avión de carga en terra - 2 Unidades Batracio - 4 UDEX - 4 UTA - 2 UIFO - SPEIS Sarria |
| Sanitario | 061 | - 1 AMBULANCIA SVB de CRUZ ROJA |
| Apoio loxístico e de seguridade (coordinado polo Servizo de Emerxencias) | Unidade Seguridade: Garda Civil | <ul style="list-style-type: none"> - Garda Civil (COS-COTA-SEPRONA) - Unidade de Policía Nacional Adscrita (UPA) |
| | Unidade Apoio Loxístico | <ul style="list-style-type: none"> - Concello e AVPC de Baleira - Concello de Castroverde - Federación AVPCs - GALI- AXEGA - Cruz Vermella - Servizo de Emerxencias Lugo (Xunta de Galicia) |

6.2.- Centros de coordinación operativa (CECOP)

En situación 0:

| | |
|------------------------------------|---|
| UBICACIÓN (segundo PLADIGA) | <p>CCD (Distrito IX: Lugo-Sarria) CCP (Lugo) CCC (Santiago de Compostela)</p> |
|------------------------------------|---|

En situación 2:

| | |
|--------------------|---|
| UBICACIÓN | <p>CCP e posteriormente se traslada ó PMA por decisión do Director do Plan (posibilidade de que algún membro se integre TELEMATICAMENTE)</p> |
| INTEGRANTES | <p><u>Dirección do Plan:</u> Delegado Territorial de la Xunta de Galicia en Lugo</p> <p><u>Comité Asesor:</u> Representantes dos concellos de Castroverde e Baleira Directora Territorial Consellería do Medio Rural Director Territorial Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes Representante da Subdelegación do Gobierno Representante Consorcio Provincial de Bombeiros de Lugo Outros segundo evolución do incendio</p> <p><u>Gabinete de Información: (NON SE ACTIVA)</u> Prensa Delegación Xunta de Galicia en Lugo Prensa consellería Medio Rural Prensa consellería Presidencia, Xustiza e Deportes Prensa Subdelegación do Gobierno</p> |

6.3.- Sala de Control Operativo (SACOP)

| | |
|------------------|--|
| UBICACIÓN | <p>Centro Integrado de Atención de Emerxencias CIAE112 (A Estrada)</p> |
|------------------|--|

6.4.- Centro de recepción de medios (CRM)

Establécense dous:

| | |
|-----------------------------------|--|
| UBICACIÓNS | CRM1: Área Recreativa da Veiga do Olmo (Concello de Castroverde) CRM2: Explanada na rúa Rosalía de Castro de O Cádavo (Concello de Baleira) |
| COORDINACIÓN | Persoal de Medio Rural |
| COORDENADAS XEOGRÁFICAS | CRM 1: 43°01'31.7''N 7°19'54.1''O CRM2: 43°00'56.9''N 7°14'47.9''O |
| COORDENADAS UTM 29N/ETRS89 | X= 635.926 Y= 4.764.994 X= 642.879 Y= 4.764.062 |
| ENLACE A GOOGLE MAPS | CRM 1: https://maps.app.goo.gl/8ep2u8ovp9CW443M6 CRM 2: https://maps.app.goo.gl/EE3siXY524mpLsJ76 |

6.5.- Posto de Mando Avanzado (PMA)

| | |
|-----------------------------------|--|
| UBICACIÓN | Área Recreativa da Veiga do Olmo (Concello de Castroverde) |
| COORDINACIÓN | DTE ata a chegada da persoa designada polo Director do Plan |
| COORDENADAS GEOGRÁFICAS | 43°01'31.8''N 7°19'49.5''O |
| COORDENADAS UTM 29N/ETRS89 | X= 636.030 Y= 4.764.999 |
| ENLACE A GOOGLE MAPS | https://maps.app.goo.gl/17bFyiTnL2EaFCyt7 |
| INTEGRANTES | <p>>Director PMA: Xerente AXEGA</p> <p>>Director GI: Director Técnico de Extinción (DTE) -Representante Consorcio SPEIS de Lugo</p> <p>>Coordinador GALYS: Representante Servicio Emerxencias Lugo</p> <p>><i>Mando U.O. Seguridade: Representante Garda Civil</i> -Representante UPA</p> <p>><i>Mando U.O Apoio Loxístico: Representante do concello</i> -Representante AVPCs - Cruz Vermella (ERIE loxístico) - Representantes dos concellos afectados</p> <p>>Coordinador GS: Representante 061 (Cruz Vermella) - Cruz Vermella (sanitario)</p> |

7.- ACTUACIÓNS A DESENROLAR POLOS GRUPOS OPERATIVOS

7.1.- Confinamento

| POBLACIÓN | Nº PERSONAS ESTIMADO |
|--|----------------------|
| Lugar de Peredo (parroquia de A Frairía - Castroverde) | SIMULADO |
| Lugar de Touzón (parroquia de A Esperela - Baleira) | SIMULADO |
| Lugar de Aldegunde (parroquia de Librán - Baleira) | SIMULADO |

7.2.- Afastamento-Evacuación

| POBLACIÓN | Nº PERSONAS ESTIMADO |
|---|----------------------|
| Lugar de Vilabade (parroquia de Vilabade – Castroverde) | SIMULADO |
| Lugar de Vilares (parroquia de Librán - Baleira) | SIMULADO |

7.3.- Cortes de estradas e controis de acceso

| ACTUACIÓN | DESCRICIÓN |
|-------------------------------|---|
| Cortes de estradas (SIMULADO) | -LU-530 entre Vilalle e O Cádavo |
| Control de accesos | -Zona de intervención: Guardia Civil (SIMULADO) -PMA: UPA -CRM1 e CRM2: UPA |

7.4.Cortes de Camiño de Santiago

| ACTUACIÓN | DESCRICIÓN |
|---|--------------------------------------|
| Cortes do Camiño de Santiago (SIMULADO) | -Tramo entre Baleira e Castroverde |
| Control de accesos (SIMULADO) | -Zona de intervención: Guardia Civil |

7.5. Intervención

| ACTUACIÓN | DESCRIPCIÓN |
|-------------------|--|
| Zona forestal | Parroquias de Riomol, Masoucos, A Frairía, Vilalle, Vilabade, Montecubeiro, Bolaño (concello Castroverde) e parroquias de A Esperela, Librán (Concello de Baleira) |
| Zona non forestal | Presencia preventiva de SPEIS nos núcleos de poboación ameazados polo lume. |

7.6.- Atención sanitaria

| ACTUACIÓN | DESCRIPCIÓN |
|---------------------|--|
| Atención e traslado | Traballador do SPIF ferido no SECTOR 1 do incendio, atención in situ e posterior trasladado a un centro hospitalario |

7.7.- Atención psicosocial e Centro de atención ós cidadáns (CAC)

| ACTUACIÓN | LOCALIZACIÓN |
|--|--|
| Montaxe por parte Cruz Vermella do CAC | Polideportivo municipal "A Ferrería (Castroverde) https://maps.app.goo.gl/rq5fjKADAsDoLbvi8 |

8.- DESENVOLVEMENTO DO SIMULACRO

Nota aclaratoria: Os horarios e tempos descritos a continuación son aproximados.

TO (10:00):

Detección de alarma

T15 (10:15):

Chegada do grupo de intervención do SPIF ao lugar da alarma e confirmación como incendio.

T30 (10:30):

DTE comunica ao CCD unha actualización da evolución do incendio:

1. Posible afección grave á poboación de Peredo, parroquia de Frairía, Concello de Castroverde.
2. Posible afección á subestación do parque eólico .

DTE solicita o corte da liña eléctrica de evacuación do parque eólico Serra do Punago – Vacariza (NATURGY).

SPIF (dende o centro de coordinación correspondente) solicita a **CIAE112 o corte da liña eléctrica de de evacuación do parque eólico.**

CIAE112 pon en contacto ao **SPIF** (dende o centro de coordinación correspondente) co propietario da liña eléctrica e queda á escoita (CHAMADA REAL E CORTE SIMULADO).

T35 (10:35)

Naturgy confirma o corte da liña eléctrica ó **CIAE112 (SIMULADO).**

CIAE112 conforma corte da liña eléctrica ó centro de coordinación do SPIF que solicitou o corte.

T45 (10:45)

O DTE

- Ante o risco para a poboación e a posibilidade de ter que poñer en práctica medidas de auxilio e socorro, propón o confinamento do **lugar de Peredo (parroquia de Frairía – Castroverde)**
- Propón ao CCD declaración da situación operativa 2.

SPIF (dende o centro de coordinación correspondente):

- Informa a CIAE112 da necesidade de confinar o lugar de Peredo por non estar activado o PEIFOGA en situación 2.
- **CIAE112** informa a Garda Civil a través de COS.

O CCD:

- Traslada a proposta de declaración da Situación operativa 2 ao CCP, e a proposta de localización do PMA e dos CRM.

O CCP a CCC:

- Traslada a proposta de declaración da Situación 2 e a proposta de localización do PMA e dos CRM.

O CCC a CIAE112:

- Traslada a proposta de declaración da Situación 2

T50 (10:50h)

Garda Civil informa a CIAE112 do confinamento do lugar de Peredo. CIAE112 informa ó SPIF do confinamento.

T50 (10:50h)**ACTIVACIÓN SITUACIÓN OPERATIVA 2 DO PEIFOGA**

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior declara a situación operativa 2 do PEIFOGA.

T60 (11:00h)**CONSTITUCIÓN NO PMA:**

- **DIRECTOR DO PLAN:** Delegado Territorial da Xunta en Lugo
- **COMITÉ ASESOR:** Alcalde de Castroverde e de Baleira, DT_MR, DT_CPXD, representante Subdelegación do Goberno, representante do Consorcio de Bombeiros de Lugo, representante do 061 (delega en Cruz Vermella).
- **GABINETE DE INFORMACIÓN:** NON SE ACTIVA

CIAE112 mobiliza os seguintes medios:

- GI: SPEIS Sarria
- GALYS: Garda Civil de seguridade cidadán e SEPRONA (a través de COS) e Garda Civil de Tráfico (a través de COTA), UPA.
- GS: Fundación 061 (delega en Cruz Vermella)
- Os seguintes medios do GALI-AXEGA: Camión PMA e UOD con cámara térmica

CIAE112 envía os SMS e correos electrónicos correspondentes e o **TÉCNICO DE GARDA** realiza as chamadas estipuladas segundo o procedemento.

Ante as informacións que se reciben da evolución desfavorable do incendio, o Director do Plan decide trasladar o CECOP ás inmediacións do incendio.

CONSTITUCIÓN DO PMA FORMADO POR:

Coordinador do PMA: Xerente da AXEGA

Grupo de intervención:

- DIRECTOR DO GRUPO: DTE
- Representante do Consorcio de Bombeiros de Lugo

Grupo de apoio loxístico e seguridade:

- COORDINADOR DO GRUPO: Responsable do Servizo provincial de Emerxencias de Lugo
- Unidade operativa de Seguridade:
- Mando da unidade: Representante Garda Civil
- Representante UPA
- Unidade operativa de Apoio Loxístico:
- Mando da unidade: Representante do concello de Castroverde
- Representante do concello e da AVPC de Baleira
- Representante de Cruz Vermella

Grupo sanitario:

- COORDINADOR: Representante do 061 (DELEGA EN CRUZ VERMELLA)
- Representante Cruz Vermella

Chegada do CECOP ao PMA.

T70 (11:10)

DTE:

- Informa a PMA da posible afección grave á poboación de Touzón (parroquia de Esperela – Baleira).
- Solicita a PMA o **corte da estrada LU-530** entre Vilalle e O Cádavo
- Solicita el **corte do Camiño de Santiago** entre O Cádavo e Castroverde.

T85 (11:25)

- Grupo operativo responsable (Garda Civil) confirma ó PMA o corte da estrada LU-530, entre Vilalle (Castroverde) e Cádavo (Baleira) (SIMULADO).
- Grupo operativo responsable (Garda Civil) confirma ó PMA o corte do Camiño de Santiago en O Cádavo (SIMULADO)

T90 (11:30)**DTE:**

- Informa a PMA da posible afección grave á poboación de Vilabade (Parroquia de Vilabade, Concello de Castroverde), Aldegunde (Parroquia de Librán, Concello de Baleira) e Vilares (Parroquia de Montecubeiro, Concello de Castroverde)
- Solicitan o confinamento de Touzón (parroquia de Esperela, concello de Baleira)
- Solicitan a evacuación de Vilares (parroquia de Librán, concello de Baleira)

T110 (12:10h)

Aviso á DTE de que hai un traballador do SPIF ferido no SECTOR 1. A DTE traslada a información ó PMA e solicita a atención sanitaria deste traballador.

Esta información trasládase ó PMA e mobilízase ambulancia SVB-061 con guiado dende o CRM1 ata o punto de recollida do accidentado.

T150 (12:30h)

DTE informa ó PMA que o plan de extinción foi efectivo e propón a desactivación da situación operativa 2.

DTE informa, segundo o protocolo, a CCD para que se informe a CCP e CCC. CCC propón a desactivación da situación operativa 2 a través do CIAE112.

DESACTIVACIÓN SITUACIÓN OPERATIVA 2 DO PEIFOGA

T155 (12:35 h)

O Director do Plan (Delegado Territorial) aproba a proposta de desactivación da situación operativa 2 pasando a unha situación operativa 0. Os medios seguen traballando ó longo de todo o perímetro para conter o seu avance ata dalo por extinguido ás 12:55h.

ANEXO 1: Ficha Xeral do simulacro.

| | |
|-----------------------------|---|
| TIPO E NOME | SIMULACRO DE EMERXENCIA POR INCENDIO FORESTAL CON ACTIVACIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN CIVIL ANTE EMERXENCIAS POR INCENDIOS FORESTAIS NA COMUNIDAD AUTÓNOMA DE GALICIA (PEIFOGA) |
| INSTITUCIÓN | XUNTA DE GALICIA |
| DATA E HORA DE INICIO | 27/05/2026 ás 10:00 horas |
| DATA E HORA DE FINALIZACIÓN | 27/05/2026 ás 13:30 horas |
| COORDINADORES DO SIMULACRO | DELEGACIÓN TERRITORIAL: Servizo de Emerxencias de Lugo, Servizo de Prevención de Incendios Forestais de Lugo, Distritos Forestais VII e IX |
| LUGARES | Concello de Castroverde: Parroquias de Riomol, Masaucos, A Frairía, Vilalle, Vilabade, Montecubeiro y Bolaño Concello de Baleira: Parroquias de A Esperela e Librán |
| | CCD (Distrito IX: Lugo-Sarria) |
| | CIAE112 (A Estrada) |
| | CCP (Lugo) |
| | CCC (Santiago de Compostela) |
| | PMA: Área recreativa da Veiga do Olmo (Castroverde) |
| | CRM1: Área recreativa da Veiga do Olmo (Castroverde) CRM2: Rúa Rosalía de Castro- Cádavo (Baleira) |
| | CAC: Polideportivo municipal "A Ferrería" (Castroverde) |
| OBXECTIVO XERAL | Avaliar a resposta coordinada das institucións para atender unha situación de emerxencia por incendio forestal aplicando os plans de emerxencia correspondentes. |
| OBXECTIVOS ESPECÍFICOS | Avaliar a operatividade do PEIFOGA |
| | Coordinación e integración dos PAM e do PLADIGA co PEIFOGA |

| | |
|--------------------------------------|--|
| | Adestramento do sistema de comunicacións baseado na rede TETRA |
| | Información á poboación sobre a conduta a seguir en caso de emerxencia por incendio forestal |
| | Comprobación dos procedementos de activación dos plans de actuación municipal (neste caso non ten ningún concello) |
| | Adestramento por parte do SPIF do SEMOP |
| | Adestramento e concienciación do persoal dos grupos operativos e centros de coordinación, mando e control, nas tarefas asignadas. |
| TIPO DE SIMULACRO | Total |
| ORGANISMOS PARTICIPANTES | SPIF, DXEI, AXEGA, Consorcio Provincial de Bombeiros de Lugo (SPEIS Sarria), Garda Civil, UPA, concellos de Castroverde e Baleira, AVPC de Baleira, Fundación 061, Subelegación do Goberno, Cruz Vermella, Federación AVPCs Lugo |
| DESCRICIÓN DE LA SITUACIÓN | Partindo de incendio forestal que se inicia na parroquia de Riomol (parroquia Riomol – Concello Castroverde) |
| ALARMA DE INICIO DO EXERCICIO | Detección da alarma polo Distrito Forestal IX Lugo -Sarria |
| FINAL DO EXERCICIO | Chamada de PMA a SACOP solicitando desactivación de situación 2 e finalización de simulacro. |
| UBICACIÓN DE CENTROS DE COORDINACIÓN | Mando estratéxico: CECOP inicialmente en CCP con posterior traslado ó lugar da emerxencia. |
| | Mando táctico: PMA |
| DISTRIBUCIÓN Y NÚMERO DE VÍTIMAS | 1 traballador do SPIF ferido. |